

O DIÑEIRO

Robert Bresson, 1983

1388

ESTREA EN NUMAX: 08.10.2024 | V.O.S.E. | 84 min

Yvon é un mozo que é inxustamente acusado de traficar con diñeiro falso. A partir dese erro xudicial, a adversidade dominará a súa vida. Durante a súa estancia en prisión, o ambiente no que se move vaino degradando e corrompendo ata convertelo nunha persoa sen escrúpulos nin principios morais. Adaptación dun relato breve de Leon Tolstoi: "O billete falso".



Notas sobre Robert Bresson

Por José Luis Tellez

O diñeiro. O propio título contén xa algo de fermosamente rotundo e irremediable, unha certa calidade, diríase que ferinte, que ao sinalar desa forma tallante o real protagonista da ficción imprime de inmediato na palabra o sinal indeleble da verdade. Especie de violencia esencial que, en ausencia de toda matización adxectiva, de toda transitividade verbal, revela na nudez do enunciado unha sorte de brutalidade rexistrada na operación significativa de nomear, esa plenitude instantánea do sentido en que a palabra constitúe a cousa para sempre.

A imaxe inicial non ofrece, en verdade, menor dureza: unha porta metálica pechada de breves dimensións, a xanela dun caixeiro automático, o oco a través do cal a moeda se fará carne significativa, materia de espectáculo. Fóra de campo, o tráfico nocturno testemuña un lugar non accesible, deshabitado aínda de personaxes: afastados sons do motor dun automóbil ou unha motocicleta que, invisibles, transcorren. Tan só máquinas, mecanismos sen corpo, denotados pola ferida con que perforan o silencio ou pola súa presenza plana, impenetrable.

Violencia, pois, do enunciado, acritude sen coartadas da enunciación, segura absoluta dun discurso que prescinde enteiramente dos normalizados mecanismos de engraxamento do fílmico. Movements de cámara limpos, ocasionais, xerados exclusivamente polo desprazamento inevitable dos actores, de precisión e funcionalidade tales que se lerán como se de planos fixos se tratase. Ausencia total de música, de fundidos encadeados, de panorámicas ilustrativas, do plano/contraplano, do plano xeral de situación para iniciar a escena. Código de atroz despoamento, onde o sentido xorde tan só da montaxe, sen a menor enganosa transparencia.

(...) *O diñeiro*, ata a data o filme o máis desesperado do seu autor, elabora unha variante do seu habitual relato a partir de *Au Hazard*, *Balthazar* (1966). Carente de calquera ferramenta do poder, da cultura, da relixión, imposibilitado do suicidio, o suxeito da ficción só pode alcanzar aquí a súa plenitude baixo a rúbrica do delito máis abxecto: o asasinato gratuito e múltiple nas persoas de quen o axude. Para que o horror sexa perfecto, debe incluír tamén a ingratidade. A partir da súa laboriosa instauración no campo dunha palabra sancionadora, pode xa o protagonista facer seu o lapidario enunciado da súa vítima: eu non espero nada.

Un itinerario desta índole precisa de certos códigos, resoltos aquí en moi especiais trazos: o demo, a tentación, a culpa, a graza, a redención. Todos eles atópanse no filme, sen ser, á vez, outra cousa senón os seus específicos dispositivos argumentais: o billete falso, o rapaz que o pon en circulación, a peripecia... É ben doado ver o diaño baixo os trazos do novo posuidor da moeda mentida, dono así mesmo dun álbum de reproducións de fermosísimos espidos, é simple ler a tentación baixo o seu sobrio enunciado. O asombroso do filme radica na súa absoluta falta de didactismo ou de claves: o demo é ese, podería ben ser o outro. Xentes cotiás, vulgares, anxos ou bestas en razón única da súa inserción na estrutura de clases. O punto de vista do filme destrúe a escisión moral do significante: pezas case intercambiáveis dun texto, os personaxes non se describen pola súa bondade ou maldade senón pola relación cunha propiedade, un espazo de representación que, ao ser a única cousa que pode identificalos, celosamente gardan.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Notas sobre el
cinematógrafo,*
Robert Bresson.
Árdora, 1997

Al azar, Baltasar,
Robert Bresson.
a contracorrientefilms [DVD]

*El estilo trascendental en
el cine. Ozu Bresson,*
Dreyer,
Paul Schrader.
JC Clementine, 2019